

ANTONIA FERRÍN

A PRIMEIRA ASTRÓNOMA

Antonia Ferrín naceu en Ourense en 1914. O pai era un mestre que quixo deixarles ás súas catro fillas o que para el era o mellor dos legados: estudar na universidade. Para

consegui-lo a familia decide trasladarse a Santiago de Compostela cando a pequena Antonia só tiña seis anos.

Seguramente, nin no mellor dos seus soños de futuro, aquel humilde mestre imaxinase que unha das súas fillas se ía converter, co tempo, na primeira profesora de Matemáticas da univesidade compostelá e na primeira astrónoma galega .

Unha das principais contribucións de Antonia foron os seus traballos sobre oscultacións de estrelas, isto é, que outros corpos celestes se antepoñen ás estrelas impedindo que sexan vistas desde a Terra. Antonia viviu no momneto en que as mulleres permanecían ocultas coma os astros que ela observaba. Mais o seu brillo foi tan intenso que non se puido ocultar.

1.En que ano naceu Antonia?

- a. 1937
- b.2007
- c.1914

2.Onde viviu a partir dos 6 anos?

- a. Santiago de Compostela.
- b. Ourense.
- c. Pontevedra.

3.Que profesión tiña seu pai?

- a. Médico
- b. Matemático
- c. Mestre

4.De que foi profesora Antonia?

- a. Lingua galega
- b. Matemáticas
- c. Ciencias Sociais

5.Antonia estudou sobre...

- a. As estrelas
- b. A auga
- c. O corpo

